

PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 234
26 de novembro de 2021

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

I Emendas ao articulado e ao estado de autorización de gastos formuladas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2022

GRUPO I

Emendas ao articulado do proxecto

Emendas do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 25080)	90946
Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 25076)	90948
Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 25078 e corrección de erros no doc. núm. 25179)	90960

GRUPO II

Emendas ao estado de autorización de gastos

1. Clasificación xeral
2. Observacións
3. Clasificación por seccións e entidades públicas instrumentais
- 3.1. Seccións

Sección 04 PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 1 a 6 (doc. núm. 25077 e corrección de erros no doc. núm. 25278)	90986
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 3 a 21 (doc. núm. 25079)	91112

Sección 05 VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 7 a 45 (doc. núm. 25077)	90986
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 32 a 58 (doc. núm. 25079)	91112

Sección 06 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

G. P. Popular núms. 1 e 3 (doc. núm. 25081)	91129
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 46 a 55 (doc. núm. 25077)	90986
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 77 a 80 (doc. núm. 25079)	91112



Sección 07 CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 72 a 78 (doc. núm. 25077) [90986](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 77 a 80 (doc. núm. 25079) [91112](#)

Sección 08 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

G. P. Popular núms. 4 e 5 (doc. núm. 25081)
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 81, 96 a 134 (doc. núm. 25077) [90986](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 81 a 121 (doc. núm. 25079) [91112](#)

Sección 09 CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 135 a 172 (doc. núm. 25077) [90986](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 175, 176, 180, 181, 183, 185 a 230 (doc. núm. 25079) [91112](#)

Sección 10 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 173 a 250 (doc. núm. 25077) [90986](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 231 a 286 (doc. núm. 25079) [91112](#)

Sección 11 CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

G. P. Popular núms. 7 e 8 (doc. núm. 25081)
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 251 a 261 (doc. núm. 25077) [90986](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 287 a 394 (doc. núm. 25079) [91112](#)

Sección 12 CONSELLERÍA DE SANIDADE

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 395 a 412 (doc. núm. 25079) [91112](#)

Sección 13 CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 366 a 372 (doc. núm. 25077) [90986](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 413 a 423 (doc. núm. 25079) [91112](#)

Sección 14 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 373 a 387 (doc. núm. 25072) [91139](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 424 a 439, 445 a 451, 455 a 458 (doc. núm. 25079) [91112](#)

Sección 15 CONSELLERÍA DO MAR

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 388 a 431 (doc. núm. 25077) [90986](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 459 a 490 (doc. núm. 25079) [91112](#)



Sección 23 GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS

G. P. dos Socialistas de Galicia núm. 491 (doc. núm. 25079) [91112](#)

3.2. Entidades públicas Instrumentais

A) ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 79, 80, 82 a 91 (doc. núm. 25077) [90986](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 122 a 129 (doc. núm. 25079) [91112](#)

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 92 a 95 (doc. núm. 25077) [90986](#)

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

G. P. Popular núms. 9 a 12 (doc. núm. 25081) [91129](#)
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 262 a 365 (doc. núm. 25077) [90986](#)

B) AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 1 e 2 (doc. núm. 25079) [91112](#)

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 22 a 31 (doc. núm. 25079) [91112](#)

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 67 a 69 (doc. núm. 25077) [90986](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 71 e 72 (doc. núm. 25079) [91112](#)

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

G. P. Popular núm. 2 (doc. núm. 25081) [91129](#)
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 63 a 66 (doc. núm. 25077) [90986](#)

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 56 a 62 (doc. núm. 25077) [90986](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 59 a 70, 74 a 76 (doc. núm. 25079) [91112](#)



AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 70 e 71 (doc. núm. 25077) [90986](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 73 (doc. núm. 25079) [91112](#)

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

G. P. Popular núm. 6 (doc. núm. 25081 e corrección de erros no doc. núm. 25379) [91141](#)
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 130 a 174, 177 a 179, 182, 184 (doc. núm. 25079) [91112](#)

AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA

G. P. dos Socialistas de Galicia núm. 441 a 444, 452 a 454 (doc. núm. 25079) [91112](#)

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

G. P. dos Socialistas de Galicia núm. 440 (doc. núm. 25079) [91112](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado e ao estado de autorización de gastos formuladas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2022

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 25 de novembro de 2021, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas parciais ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2022, que rematou ás 18.30 horas do 17 de novembro de 2021, e que se indican a continuación:

-Docs. núms. 25080, 25081 e corrección de errores no doc. núm. 25379, presentados polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

-Docs. núms. 25076, 25077 e corrección de errores no doc. núm. 25278, presentados polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

-Docs. núms. 25078, 25079 e corrección de errores no doc. núm. 25179, presentados polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.4, 129 e 130 do Regulamento da Cámara e coas regras de tramitación do Proxecto de lei de orzamentos, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas parciais ao articulado e ao estado de autorización de gastos presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2022.

2º. Clasificalas nos grupos que a seguir se especifican e adoptar as decisións que se sinalan en relación coa súa admisión a trámite:

GRUPO I **Emendas ao articulado do proxecto**

A) Emendas do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 25080)

Preséntanse 4 emendas e admítense a trámite.

B) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 25076)

Preséntanse 35 emendas e admítense todas elas a trámite.

As emendas números 1 e 2 ao artigo 2 do proxecto de lei fixa o importe dos orzamentos consolidados de gastos en 13.536.022.441 euros. Este aumento sobre a contía orzada está orixinado nas



emendas á totalidade (núm. de rexistro 24582) deste grupo parlamentario, que incrementa os gastos por operacións non financeiras nesa cantidade nas actuacións descritas nas aplicacións indicadas nelas e que financia cos ingresos que tamén se especifican nas emendas.

C) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 25078 e corrección de erros no doc. núm. 25179)

Preséntanse 72 emendas e admítense todas elas a trámite.

As emendas números 1 e 2 ao artigo 2 do proxecto de lei fixa o importe dos orzamentos consolidados de gastos en 13.322.523.261 euros. Este aumento sobre a contía orzada está orixinado nas emendas á totalidade (núm. de rexistro 24599) deste grupo parlamentario que incrementa os gastos por operacións non financeiras nesa cantidade nas actuacións descritas nas aplicacións indicadas nelas e que financia cos ingresos que tamén se especifican nas emendas.

GRUPO II **Emendas ao estado de autorización de gastos**

1. Clasificación xeral

a) Emendas do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 25081), ao estado de autorización de gastos.

Admítense a trámite as 12 emendas presentadas aos estados de gastos.

b) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 25077), ao estado de autorización de gastos.

Presentáronse 431 emendas e admítense a trámite.

c) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 25079) ao estado de autorización de gastos.

Presentáronse 490 emendas e admítense a trámite. Advírtese que na numeración correlativa das emendas, non existe o número 285.

2. Observacións

A) Hai emendas que reducen o importe dos créditos destinados a ser transferidos para financiar, con cargo aos capítulos 4 «Transferencias correntes» e 7 «Transferencias de capital» do orzamento de gastos da sección correspondente ou do orzamento de gastos dunha entidade instrumental con orzamento administrativo (organismos autónomos e axencias públicas autonómicas), operacións correntes e de capital doutras entidades instrumentais que dependen da sección. Pero esas emendas non rebaixan os orzamentos de gastos das entidades instrumentais con orzamento administrativo nin os importes das contas correspondentes dos estados financeiros das que teñen orzamentos de explotación e de capital, afectados pola redución. Neste senso, hai emendas que traspasan crédito de servizos-órganos administrativos a servizos-entidades instrumentais con orzamento administrativo, de servizos-entidades instrumentais con orzamento administrativo a servizos-órganos administrativos ou entre diferentes entidades instrumentais con orzamento administrativo, pertencendo todos estes



servizos á mesma sección, pero sen facer as modificacións internas nos ingresos e gastos na contabilidade orzamentaria para equilibrar os seus orzamentos, nin na contabilidade financeira das entidades instrumentais con orzamentos de explotación e de capital, nomeadamente sociedades mercantís públicas e fundacións públicas, que reciben financiamento da sección da que están vinculadas.

Malia que estas operacións contables deberían facerse na propia emenda ou, no seu defecto, a través dunha emenda complementaria á principal, tendo en conta os precedentes, non existe atranco formal para admitilas a trámite, ben que no caso de seren aceptadas sería necesario facer os correspondentes axustes na contabilidade orzamentaria das seccións e das entidades instrumentais con orzamento administrativo (concreción das aplicacións cuxos créditos habería que reducir) e tamén na contabilidade financeira (previsión de balance, previsión de conta de perdas e ganancias ou da conta do resultado económico-patrimonial e previsión de fluxos de efectivo) das entidades instrumentais con orzamentos de explotación e de capital para posibilitar o desenvolvemento da actividade da entidade afectada e evitar un resultado do exercicio que podería incidir negativamente no seu patrimonio neto coas consecuencias que a lexislación establece.

Hai emendas que se refiren a aplicacións nas que se omiten, por aparentes erros na súa redacción, algún dos elementos de clasificación do crédito. Igualmente, dótanse aplicacións con créditos cuxa clasificación orgánica ou económica é incorrecta, tendo en conta a finalidade do gasto ao que se destinan. Porén, non existe inconveniente formal para admitilas a trámite.

As emendas que poden atoparse nesa situación son as seguintes:

a) Emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: 26, 29, 64, 66, 67, 81 a 84, 88 a 91, 113, 119 a 122, 132, 181, 185, 187, 262, 263, 266, 267, 270 a 278, 281, 283 a 288, 293, 294, 299, 303, 306, 308, 310, 317, 322, 326, 328 a 336, 340, 341, 351, 352, 356 a 358, 362 a 364, 366 a 368, 377 a 379, 384, 391, 395, 399 a 404, 406, 407, 409, 415.

b) Emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: 62, 77, 80, 246 a 259, 284, 286, 413 a 419, 422, 441 a 444, 473 a 490.

B) Hai emendas singulares que minoran crédito de aplicacións de varios servizos-entidades instrumentais con orzamento administrativo ou de servizos-órganos administrativos pertencentes a unha sección para traspasalo a outra ou a outras aplicacións da mesma sección. Dado que non é posible segregar ese tipo de emendas por constituíren unha unidade indivisible, recoméndase a súa tramitación indistintamente no orzamento da sección ou no orzamento da entidade instrumental.

3. Clasificación por seccións e entidades públicas instrumentais

3.1. Seccións

Sección 04 PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 1 a 6 (doc. núm. 25077 e corrección de erros no doc. núm. 25278).

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 3 a 21 (doc. núm. 25079).



Sección 05 VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 7 a 45 (doc. núm. 25077).
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 32 a 58 (doc. núm. 25079).

Sección 06 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

G. P. Popular núms. 1 e 3 (doc. núm. 25081).
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 46 a 55 (doc. núm. 25077).
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 77 a 80 (doc. núm. 25079).

Sección 07 CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 72 a 78 (doc. núm. 25077).
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 77 a 80 (doc. núm. 25079).

Sección 08 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

G. P. Popular núms. 4 e 5 (doc. núm. 25081).
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 81, 96 a 134 (doc. núm. 25077).
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 81 a 121 (doc. núm. 25079).

Sección 09 CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 135 a 172 (doc. núm. 25077).
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 175, 176, 180, 181, 183, 185 a 230 (doc. núm. 25079).

Sección 10 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 173 a 250 (doc. núm. 25077).
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 231 a 286 (doc. núm. 25079).

Sección 11 CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

G. P. Popular núms. 7 e 8 (doc. núm. 25081).
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 251 a 261 (doc. núm. 25077).
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 287 a 394 (doc. núm. 25079).

Sección 12 CONSELLERÍA DE SANIDADE

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 395 a 412 (doc. núm. 25079).

Sección 13 CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 366 a 372 (doc. núm. 25077).
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 413 a 423 (doc. núm. 25079).



Sección 14 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 373 a 387 (doc. núm. 25072).

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 424 a 439, 445 a 451, 455 a 458 (doc. núm. 25079).

Sección 15 CONSELLERÍA DO MAR

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 388 a 431 (doc. núm. 25077).

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 459 a 490 (doc. núm. 25079).

Sección 23 GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS

G. P. dos Socialistas de Galicia núm. 491 (doc. núm. 25079).

3.2. ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

A) ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 79, 80, 82 a 91 (doc. núm. 25077).

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 122 a 129 (doc. núm. 25079).

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 92 a 95 (doc. núm. 25077).

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

G. P. Popular núms. 9 a 12 (doc. núm. 25081).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 262 a 365 (doc. núm. 25077).

B) AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 1 e 2 (doc. núm. 25079).

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 22 a 31 (doc. núm. 25079).

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 67 a 69 (doc. núm. 25077).

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 71 e 72 (doc. núm. 25079).



AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

G. P. Popular núm. 2 (doc. núm. 25081).

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 63 a 66 (doc. núm. 25077)

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 56 a 62 (doc. núm. 25077).

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 59 a 70, 74 a 76 (doc. núm. 25079). Nas emendas 74 a 76, as referencias ao servizo 81, nas aplicacións cuxos créditos se incrementan, deben entenderse feitas ao servizo A1.

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 70 e 71 (doc. núm. 25077).

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 73 (doc. núm. 25079).

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

G. P. Popular núm. 6 (doc. núm. 25081 e corrección de errores no doc. núm. 25379).

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 130 a 174, 177 a 179, 182, 184 (doc. núm. 25079).

AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA

G. P. dos Socialistas de Galicia núm. 441 a 444, 452 a 454 (doc. núm. 25079).

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

G. P. dos Socialistas de Galicia núm. 440 (doc. núm. 25079).

CLASIFICACIÓN DO NÚMERO TOTAL DE EMENDAS

Grupo Parlamentario	Emendas ao articulado	Emendas aos estados numéricos	Total
G. P. Popular de Galicia	4	12	26
G. P. do BNG	35	431	466
G. P. dos Socialistas	72	490	562
TOTAIS	111	933	1.044

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2022 (NUM. EXPE.
11/PL-000011).**

Emenda nº1, ao apartado Seis, de Adición. Artigo 41

Engádese un novo apartado seis ao artigo 41. Avais

"Seis.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 44 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, autorízase ao Instituto Galego da Vivenda e Solo para a concesión de avais, por un importe máximo de 5.000.000 de euros, con destino á compra da primeira vivenda para menores de 35 anos, cun límite máximo do 15% do prezo da compravenda, polo tempo necesario para a amortización do importe avalado durante os primeiros anos da vixencia do préstamo, coas características e condicións establecidos no programa que se aprobe polo dito instituto."

Emenda nº2, ao apartado 5, de Adición. Disposición adicional décimo quinta

Engádese un apartado 5) na Disposición adicional décimo quinta coa seguinte redacción:

"5) Autorizar a incorporación dos remanentes de crédito do programa 621B da sección 23 ao Mecanismo de garantía de investimentos públicos".

Emenda nº3, de Adición. Disposición transitoria segunda

Engádese unha nova disposición transitoria, terceira, coa seguinte redacción:





"Disposición transitoria terceira. Mecanismo de garantía de investimentos públicos.

Créase un Mecanismo de garantía de investimentos públicos que estará dotado coa incorporación dos saldos de crédito orzamentario na sección 23. Este instrumento orzamentario achegará financiamento para garantir a normal execución dos investimentos planificados no orzamento plurianual, facilitando o encaixe de posibles reprogramacións por execución ou necesidades de cofinanciamentos adicionais, e sempre suxeito ao cumprimento das regras fiscais vixentes en cada momento".

Emenda nº4, de Substitución. Disposición derradeira terceira

Modifícase a redacción da Disposición derradeira terceira "Entrada en vigor" que pasará a estar redactada como segue:

"Esta Lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022."

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/11/2021 18:08:13





**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS
XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2022
(NUM. EXPE. 11/PL-000011).**

Emenda nº1, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 2

Substituír o primeiro parágrafo do artigo 2.Un polo seguinte:

Un. Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por importe de 13.536.022.441 euros, distribuídos da forma seguinte:

	CAP. I-VII GASTOS NON FINANCIEROS	CAP. VIII ACTIVOS FINANCIEROS	CAP. IX PASIVOS FINANCIEROS	TOTAL
Administración Xeral	6.263.793.506	122.161.539	1.254.715.908	7.640.670.953
Organismos autónomos	4.443.791.664	101.190.000		4.544.981.664
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	2.310.118	-		2.310.118
Axencias públicas autonómicas	1.332.557.437	-	15.502.269	1.348.059.706
Total	12.042.452.725	223.351.539	1.270.218.177	13.536.022.441

As transferencias internas entre os orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos e das axencias públicas representan ... (continúa igual)

Emenda nº2, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 2

Substituír o texto do apartado Catro do artigo 2 polo seguinte:





Cadro. Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllese as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 13.536.022.411 euros, distribuídos da seguinte forma:

	CAP. I-VII INGRESOS NON FINANCIEROS	CAP. VIII ACTIVOS FINANCIEROS	CAP. IX PASIVOS FINANCIEROS	TOTAL
Administración Xeral	11.431.201.339	1.942.480	1.762.839.769	13.195.983.588
Organismos autónomos	222.927.490	690.000		223.617.490
Axencias públicas autonómicas	24.369.420	92.051.943		116.421.363
Total	11.678.498.249	94.684.423	1.762.839.769	13.536.022.441

Emenda nº3, de Adición. Artigo 9

Engadir un novo parágrafo no apartado Un do artigo 9, a continuación do primeiro:

“Non obstante, en ningún caso se poderán realizar axustes que impliquen a minoración dos créditos incluídos en programas que financien servizos públicos básicos.”

Emenda nº4, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 11

Substituir no primeiro parágrafo do apartado Dous do artigo 11 a expresión: “non poderán experimentar un incremento global superior ao dous por cento con respecto ás”, por: “experimentarán un incremento global do tres por cento con respecto ás”.

Emenda nº5, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 11





Substituír no segundo parágrafo do apartado Dous do artigo 11 a expresión: “non poderán experimentar ningún incremento verbo do ano anterior”, por: “experimentarán un incremento global do tres por cento con respecto ao ano anterior”.

Emenda nº6, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 11
Suprimir o apartado Tres do artigo 11.

Emenda nº7, ao apartado Sete, de Adición. Artigo 11

Engadir un novo apartado Sete no artigo 11 co seguinte texto:

“Sete. Nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2022 dotarase un fondo de acción social por valor do un por cento da masa salarial do capítulo I, correspondente ao persoal funcionario, laboral e docente dependente da Administración galega.”

Emenda nº8, ao apartado Seis, de Supresión. Artigo 12
Suprimir o apartado Seis do artigo 12.

Emenda nº9, ao apartado Un, de Substitución. Artigo 13

Substituír o texto do apartado Un do artigo 13 polo seguinte:

“Un. Durante o ano 2022, poderá procederse, no sector público da Comunidade Autónoma, á contratación de persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal, persoal laboral temporal ou de funcionarios interinos nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que sexan precisos para garantir o axeitado funcionamento dos servizos públicos esenciais e dos servizos administrativos.”





Emenda nº10, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 14

Modificar a redacción do apartado Un do artigo 14 que quedaría como segue:

“Durante o ano 2022 poderá procederse ao nomeamento de persoal funcionario, laboral e estatutario temporal no ámbito a que se refiren as alíneas b) e d) do artigo 11.Un desta lei, para cubrir necesidades urxentes para asegurar o normal funcionamento dos servizos públicos.”

Emenda nº11, ao apartado Un.c), de Adición. Artigo 16

Engadir unha letra c) ao apartado Un do artigo 16 co seguinte texto:

“c) Persoal dedicado á defensa contra incendios forestais.”

Emenda nº12, de Supresión. Artigo 19

Suprimir o artigo 19.

Emenda nº13, ao apartado Un.b), de Modificación. Artigo 21

Modificar a redacción do subapartado b) do apartado Un do artigo 21 que quedaría da seguinte forma:

“b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, e o seu importe de cada unha delas será o importe dunha mensualidade ordinaria, comprendendo o soldo, os trienios, e os complementos de destino e específico na súa integridade. Cando o persoal funcionario preste unha xornada de traballo reducida durante os seis meses anteriores aos meses de xuño e decembro, o importe de paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.”





Emenda nº14, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 22

Substituír no apartado Dous do artigo 22 a expresión: “non experimentarán un incremento global superior ao dous por cento respecto das” por “experimentarán un incremento global do tres por cento respecto das”.

Emenda nº15, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 23

Substituír no apartado Un do artigo 23 a expresión: “non experimentarán un incremento global superior ao 2% respecto das”, por: “experimentarán un incremento global do 3% respecto das”.

Emenda nº16, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 23

Substituír no apartado Dous do artigo 23 a expresión: “non experimentarán un incremento superior ao dous por cento respecto das”, por: “experimentarán un incremento global do tres por cento respecto das”.

Emenda nº17, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 24

Substituír no apartado Dous do artigo 24 a expresión: “non experimentarán un incremento superior ao dous por cento respecto das”, por: “experimentarán un incremento global do tres por cento respecto das”.

Emenda nº18, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 25





Substituír no apartado Un do artigo 25 a expresión: “experimentarán un incremento do dous por cento”, por: “experimentarán un incremento do tres por cento”.

Emenda nº19, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 25

Substituír no apartado Dous do artigo 25 a expresión: “experimentarán un incremento do dous por cento”, por: “experimentarán un incremento do tres por cento”.

Emenda nº20, de Supresión. Artigo 31

Suprimir o artigo 31.

Emenda nº21, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 34

Substituír no apartado Dous do artigo 34 a expresión: “non experimentarán un incremento global superior ao do dous por cento respecto das”, por: “experimentarán un incremento global do tres por cento respecto das”.

Emenda nº22, de Modificación. Artigo 35

Substituír no artigo 35 a expresión: “non experimentarán un incremento global superior ao do dous por cento respecto das”, por: “experimentarán un incremento global do tres por cento respecto das”.

Emenda nº23, de Adición. Artigo 47 bis

Engadir un novo artigo 47 bis coa seguinte redacción:

“Artigo 47 bis. Contratos de colaboración público-privada e de concesión de obra pública.





Un. Durante o período de vixencia desta Lei non se utilizarán contratos de colaboración público-privada para financiar investimentos en servizos públicos básicos.

En todo caso, os contratos de concesión de obra pública deberán modificarse co fin de que, en ningún caso, o canon ou portaxe satisfeito ao concesionario supere o custo financeiro que a administración debería asumir no caso de financiar directamente a execución da obra.

Dous. Durante o ano 2022, iniciaránse os procedementos específicos que sexan necesarios para o rescate de concesións outorgadas a través de procedementos de colaboración público-privada en servizos públicos sanitarios ou educativos.

Tres. Na documentación a que se refire a letra b) do punto 5 do artigo 51 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galiza, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, incluirase un Anexo que especifique os compromisos derivados dos contratos de colaboración público-privada celebrados así como dos que se prevea celebrar durante o exercicio ao que corresponda o proxecto de Lei de Orzamentos, cunha clara referencia a contía dos investimentos financiados por esta vía e dos pagos anuais previstos ao longo da súa duración. Para garantir a solvencia das contas autonómicas e a transparencia, así como a asunción de compromisos plurianuais excesivos, calquera incorporación dun proxecto aprobado pola Xunta de Galiza non previsto no orzamento deberá remitírselle ao Parlamento de Galiza, incluíndo na información que se lle remita a este a mesma documentación que a esixida para as actuacións incorporadas ao proxecto de orzamentos".

Emenda nº24, de Supresión. Artigo 55

Suprimir o inciso final do artigo 55, de maneira que o texto final quedara como segue:

"Para a aplicación do previsto no artigo 119 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, a porcentaxe correspondente ao ano 2022 será do dous por cento."

Emenda nº25, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 56





Suprimir o apartado Dous do artigo 56.

Emenda nº26, ao apartado Seis, de Adición. Artigo 56

Engadir un novo apartado Seis no artigo 56 co seguinte texto:

“Seis. A Xunta de Galiza non poderá, en ningún caso, incrementar o número de unidades concertadas nos centros educativos.”

Emenda nº27, de Adición. Artigo 59 bis

Engadir un novo artigo 59 bis co seguinte texto:

“Artigo 59 bis. Pagamento de axudas e subvencións aos concellos.

Un. Durante o ano 2022 as bases reguladoras das axudas e subvencións financiadas con cargo a orzamentos da Comunidade Autónoma establecerán con carácter xeral a concesión de pagamentos anticipados do 80 por 100 do importe concedido sen necesidade de achegar garantías por parte dos concellos así como a mancomunidades de entidades locais, consorcios locais, ou entidades asociativas análogas constituídas maioritariamente pola entidades locais de Galiza, consonte o artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza.

Dous. A concesión dos devanditos anticipos tamén será aplicábel cando os beneficiarios das axudas e subvencións sexan entidades vinculadas aos concellos, calquera que sexa a súa forma xurídica, sempre que o concello participe de xeito maioritario nos seus órganos de administración ou dirección e ostente unha posición de control análogo ao dos seus propios servizos.”

Emenda nº28, de Adición. Artigo 59 ter





Engadir un novo artigo 59 ter co seguinte texto:

"Artigo 59 ter. Convenios, subvencións e transferencias aos concellos.

A Xunta de Galiza procederá á reasignación de convenios, subvencións e transferencias ás entidades locais, particularmente as que teñen que por obxecto financiar servizos locais básicos, co obxectivo de acadar un incremento dos fondos incondicionados a través do Fondo Galego de Cooperación Local.

A estes efectos, durante 2022 a reasignación implicará, polo menos, unha porcentaxe de aumento do 25 por cento en relación ao ano anterior."

Emenda nº29, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 60

Engadir un novo apartado Cinco no artigo 60 co seguinte texto:

"Cinco. En todo caso, non se poderán practicar retencíóns, compensacións de transferencias do Fondo de Cooperación Local ás Entidades locais relativas a débedas sobre as cales existan discrepancias xustificadas expresadas pola entidade local e baseadas nos informes dos servizos económicos ou de intervención de dita entidade. A estes efectos, en ningún caso se considerarán como vencidas, líquidas e exixíbeis as débedas sobre as que notificara unha discrepancia xustificada, polo que non poderán practicarse retencíóns ou compensacións nin requirirse o pagamento até que haxa conformidade da entidade local, previa fiscalización dos internos de órganos de control financeiro, ou se resolva polo órgano xudicial competente."

Emenda nº30, ao apartado Un, de Adición. Artigo 61

Engadir no apartado Un do artigo 61 un novo parágrafo ao final co seguinte texto:

"Nos casos onde se manifeste expresamente, a través dunha resolución administrativa, emitida polo órgano competente dunha entidade local ou das entidades formadas polas mesmas e baseada nos informes correspondentes dos órganos de control económico-financeiro ou dos servizos de xestión





económica de dita entidade local, a non conformidade coas débedas económicas reclamadas desde a administración galega ou calquera entidade pública instrumental, empresa mercantil ou fundación do sector público autonómico, non se considerarán en ningún caso, e aos efectos deste Capítulo, como débedas vencidas, líquidas e exixíbeis as débedas até que haxa unha resolución xudicial ou acordo administrativo que ditamine a discrepancia. Neste caso, non poderán practicarse retencións nin requirirse o pagamento, nin efectuarse compensacións ou retencións de transferencias pendentes de administración galega á entidade local, até que haxa conformidade desta, previa fiscalización dos internos de órganos de control financeiro.”

Emenda nº31, ao apartado Tres, de Modificación. Disposición adicional primeira

No apartado Tres da Disposición adicional primeira substituír a expresión: “trinta días”, por: “dez días naturais”.

Emenda nº32, ao apartado Cinco, de Adición. Disposición adicional primera

Engadir un novo apartado Cinco na Disposición adicional primeira co seguinte texto:

“Cinco. Co obxectivo de mellorar a transparencia e o control parlamentario do orzamento da Comunidade Autónoma de Galiza, crearase en 2022 unha Oficina Orzamentaria no Parlamento de Galiza, logo dos trámites oportunos segundo o Regulamento da Cámara.

As súas funcións serán de seguimento, información, documentación e apoio aos grupos parlamentarios, no que atinxé á execución orzamentaria, así como de vixilancia do cumprimento das finalidades e dos indicadores dos distintos proxectos de gasto dos orzamentos.

Ademais, tamén exercerá funcións de análise da situación económica-financeira a curto, medio e longo prazo, sobre as contas públicas.

Aos efectos de poder efectuar as funcións previstas neste artigo, así como a función de control dos grupos parlamentarios, a Oficina Orzamentaria do Parlamento de





Galiza, así como un deputado ou deputada designado por cada grupo parlamentario, terán un acceso informático ao sistema de contabilidade e xestión da Consellería de Facenda, ademais de persoal de consulta e apoio para efectuar as consultas de expedientes de gasto que se consideren oportunas.”

Emenda nº33, de Supresión. Disposición adicional décimo primeira

Suprimir integralmente a Disposición adicional décimo primera.

Emenda nº34, de Supresión. Disposición adicional décimo segunda

Suprimir integralmente a Disposición adicional décimo segunda.

Emenda nº35, de Adición. Disposición derogatoria

Engadir unha nova Disposición derogatoria co seguinte contido:

“Quedan derogadas as normas que se opoñan ao establecido na presente Lei, e de xeito particular, con efectos de 1 de xaneiro de 2017, queda derogada expresamente a Lei 1/2012, de Medidas Temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicándose as medidas vixentes con anterioridade á entrada en vigor de dita lei en materia de emprego público, en particular as relativas ás retribucións íntegras en situación de incapacidade temporal e á Acción Social.”

Asinado dixitalmente por:





Ana Pontón Mondelo na data 17/11/2021 16:58:25





**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS
XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2022
(NUM. EXPE. 11/PL-000011).**

Emenda nº1, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 2

No punto Un deste artigo onde di: "...13.117.948.261 euros, distribuidos da seguinte forma:

	CAP. I-VII Gastos Non Financeiros	CAP:VIII Activos Financeiros	CAP: IX Pasivos Financeiros	Total
Administración Xeral	5.833.554.774	122.161.539	1.254.715.908	7.210.432.221
Organismos Autónomos	4.690.336.002	1.190.000		4.691.526.002
Entidades Públicas Instrumentais de consulta ou asesoramento	2.310.118			2.310.118
Axencias públicas autonómicas	1.101.162.075	97.015.576	15.502.269	1.213.679.920
Total	11.627.362.969	220.367.115	1.270.218.177	13.117.948.261

Debe dicir: "...13.322.523.261 euros distribuídos da seguinte forma:

	CAP. I-VII Gastos Non Financeiros	CAP:VIII Activos Financeiros	CAP: IX Pasivos Financeiros	Total
Administración Xeral	6.024.629.774	122.161.539	1.254.715.908	7.401.507.221
Organismos Autónomos	4.703.836.002	1.190.000		4.705.026.002
Entidades Públicas Instrumentais de consulta ou asesoramento	2.310.118			2.310.118
Axencias públicas autonómicas	1.101.162.075	97.015.576	15.502.269	1.213.679.920
Total	11.831.937.969	220.367.115	1.270.218.177	13.322.523.261





Emenda nº2, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 2

No punto Catro deste artigo, onde di: "... por un importe consolidado de 13.117.948.261 euros, distribuídos da seguinte forma:

	CAP. I-VII Gastos Non Financeiros	CAP:VIII Activos Financeiros	CAP: IX Pasivos Financeiros	Total
Administración Xeral	11.013.127.159	1.942.480	1.762.839.769	12.777.909.408
Organismos Autónomos	222.927.490	690.000		223.617.490
Axencias públicas autonómicas	24.369.420	92.051.943		116.421.363
Total	11.260.424.069	94.684.423	1.762.839.769	13.117.948.261

Debe dicir: "...por un importe consolidado de 13.322.523.261 euros, distribuídos da seguinte forma:

	CAP. I-VII Gastos Non Financeiros	CAP:VIII Activos Financeiros	CAP: IX Pasivos Financeiros	Total
Administración Xeral	11.204.202.159	1.942.480	1.762.839.769	12.968.984.408
Organismos Autónomos	236.427.490	690.000		237.117.490
Axencias públicas autonómicas	24.369.420	92.051.943		116.421.363
Total	11.464.999.069	94.684.423	1.762.839.769	13.322.523.261

Emenda nº3, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 2

Débese engadir *in fine no punto Cinco* un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"Establecerase para cada un dos beneficios fiscais establecidos os obxectivos que se perseguean, así como os





indicadores de cumprimento. Anualmente, elaborarase un estudo sobre os efectos dos beneficios fiscais nas políticas económicas e sociais ás que van destinados. O dito estudo será remitido anualmente ao Parlamento de Galicia."

Emenda nº4, ao apartado Cinco, de Modificación. Artigo 3

No punto Cinco deste artigo, onde di: "No caso de que se teñan que superar tales contías máximas, a consellaría competente en materia de facenda dará conta ao Parlamento de Galicia das razóns que xustifiquen tal aumento.", debe decir. "No caso de que se teñan que superar tales contías máximas ou autorizar calquera tipo de subvención a calquera entidade con participación da Comunidade Autónoma, a consellaría competente en materia de facenda dará conta ao Parlamento de Galicia das razóns que xustifiquen tal aumento ou contribución."

Emenda nº5, ao apartado Seis, de Adición. Artigo 3

No punto Seis deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... e deberán reflectirse os datos fundamentais desta, tales como a súa porcentaxe de participación, o importe das subvencións, no seu caso concedidas, os beneficios ou dividendos, no seu caso percibidos, ou as achegas realizadas."

Emenda nº6, ao apartado j), de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir a letra j) neste artigo.

Emenda nº7, ao apartado ñ), de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir a letra ñ) neste artigo.

Emenda nº8, ao apartado o), de Supresión. Artigo 5





Débese suprimir a letra o), deste artigo.

Emenda nº9, ao apartado q), de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir a letra q), deste artigo.

Emenda nº10, ao apartado r), de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir a letra r) deste artigo.

Emenda nº11, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir o apartado Tres, deste artigo.

Emenda nº12, ao apartado Un.r) bis), de Adición. Artigo 7

No apartado Un, débese engadir unha nova letra r) bis, que terá o seguinte contido:

"r) bis. Os fondos destinados á subvención das instalacións de enerxía renovable e aforro enerxético."

Emenda nº13, ao apartado Un.r) ter), de Adición. Artigo 7

No apartado Un deste artigo, débese engadir unha nova letra r) ter, que terá o seguinte contido:

"r) ter. Os gastos destinados á gratuidade de libros de texto."

Emenda nº14, ao apartado Un.r) quater), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo, débese engadir unha nova letra r) quater, que terá o seguinte contido:





"r) quater. Os gastos para a atención da dependencia derivados do concerto de prazas residenciais, de unidades de estancia diurna, do servizo de axuda a domicilio e das prestacións económicas."

Emenda nº15, ao apartado Un.r) quinquies), de Adición. Artigo 7

No punto Un, deste artigo, débese engadir unha nova letra r) quintus, que terá o seguinte contido:

"r) quintus. Os gastos para a atención da tarxeta Benvida."

Emenda nº16, ao apartado Un, de Adición. Artigo 8

No punto Un, deste artigo, débese engadir *in fine, despois da letra h)* o seguinte texto:

"En calquera caso a tramitación de expedientes de transferencia de crédito cara á súa utilización de acordo aos puntos anteriores, deberá de realizarse preferentemente con cargo ao fondo de continxencia e soamente cando aquel sexa inexistente ou insuficiente se poderá realizar a transferencia con cargo a partidas distintas daquela."

Emenda nº17, ao apartado Tres bis), de Adición. Artigo 8

Débese engadir un novo punto Tres bis, que terá o seguinte contido:

"Tres bis. Os fondos de continxencia estarán asignados ao programa 621B, e da súa utilización deberá darse conta específica ao Parlamento de Galicia, indicando a xustificación para o programa ao que fosen transferidos."

Emenda nº18, ao apartado Cinco bis), de Adición. Artigo 8

Débese engadir un novo apartado Cinco bis, neste artigo, que terá o seguinte contido:





"Cinco bis. Sen prexuízo do establecido no artigo 68.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, así como nos puntos anteriores deste artigo, o importe máximo das transferencias de crédito que se autoricen para cada consellaría durante este exercicio non poderá diminuír as consignacións iniciais, ao nivel de vinculación legalmente establecido, en máis dun 20 por cento.

O indicado no parágrafo anterior non será aplicable nos seguintes casos:

- a) Cando teñan por obxecto incrementar conceptos do capítulo I de gastos.
- b) Cando se refiran á sección 23, «Gastos de diversas consellarías».
- c) Cando se refiran o centro de xestión 5001 do Servizo Galego de Saúde.
- d) Cando se refiran a fondos propios que pasen a cofinanciar proxectos con fondos europeos.
- e) Cando se refiran aos créditos consignados no capítulo V de gastos.
- f) Cando se refiran a axudas ou subvencións, no caso de que a orde de convocatoria pola que se rexe a súa concesión asigne o gasto a diversas aplicacións orzamentarias e non sexa posible determinar previamente a contía imputable a cada unha delas.
- g) As que se refiren ás transferencias de financiamento das entidades instrumentais do sector público autonómico.
- h) Cando se realicen entre créditos dos capítulos VI e VII do estado de gastos, así como as que se realicen dentro deles.
- i) Cando teñan por obxecto atender gastos extraordinarios derivados de catástrofes, sinistros ou outras actuacións de natureza análoga e carácter excepcional.
- j) Cando teñan por obxecto adecuar a natureza económica dos créditos necesarios para o mantemento dos centros de saúde de titularidade municipal, na medida en que se produza a transferencia da súa titularidade ao Servizo Galego de Saúde.
- k) Cando teñan por obxecto adecuar a natureza económica dos créditos dun programa orzamentario que permita o cumprimento da súa finalidade.
- l) Cando se trate de modificacións de crédito derivadas das obrigas a que se refire o artigo 60.2 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- m) Cando se realicen entre créditos dos capítulos II e IV do estado de gastos, así como as que se realicen dentro deles."





Emenda nº19, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 9

No apartado Dous, deste artigo, *in fine*, onde di: "... por proposta motivada da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos." Debe dicir: "... por proposta motivada dos xestores e autorizada pola Dirección Xeral de Política financeira, Tesouro e Fondos Europeos."

Emenda nº20, de Supresión. Artigo 10

Débese suprimir o terceiro parágrafo deste artigo que comeza por: "Non obstante, ..."

Emenda nº21, ao apartado Tres, de Adición. Artigo 11

No primeiro parágrafo do punto Tres deste artigo, débese engadir *in fine*, logo de "... os anos 2017 e 2021." o seguinte texto: "..., de aplicación en materia de carreira profesional coa inclusión do persoal que non reunía as condicións de acceso no ano 2019, e as compensacións de xornadas penosas, especiais ou a quendas."

Emenda nº22, ao apartado Seis, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir o punto Seis deste artigo.

Emenda nº23, ao apartado Un.i), de Adición. Artigo 13

No punto Un deste artigo, débese engadir unha nova letra i) que terá o seguinte contido:

"i) Persoal de servizos públicos de emprego en materia de orientación laboral e políticas activas de emprego."

Emenda nº24, ao apartado Un.j), de Adición. Artigo 13





No punto Un deste artigo, débese engadir unha nova letra j) que terá o seguinte contido:

"j) Persoal laboral ou interino para a cobertura de prazas de Administración xeral da Comunidade Autónoma que presenten especiais dificultades de cobertura, unha vez xustificada a necesidade polo centro directivo de destino."

Emenda nº25, ao apartado Tres.h) bis), de Adición. Artigo 13

No punto Tres deste artigo, débese engadir unha nova letra h) bis que terá o seguinte contido:

"h) bis. Persoal dos servizos públicos de emprego en materia de orientación laboral e políticas activas de emprego."

Emenda nº26, ao apartado Tres.h) ter), de Adición. Artigo 13

No punto Tres deste artigo, débese engadir unha nova letra h) ter, que terá o seguinte contido:

"h) ter. Persoal laboral ou interino para a cobertura de prazas de Administración xeral da Comunidade Autónoma que presenten especiais dificultades de cobertura, unha vez xustificada a necesidade polo centro directivo de destino."

Emenda nº27, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 15

No punto Dous deste artigo, onde di: "... que puideren derivar no recoñecemento como persoal laboral indefinido non fixo, **poderán dar** lugar á exixencia ...", debe dicir: "... que puideren derivar no recoñecemento como persoal laboral indefinido non fixo, **darán lugar** á exixencia ..."

Emenda nº28, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 16

No punto Un deste artigo, onde di: "... poderán realizarse, sen necesidade de autorización conxunta a que se refire o punto





Seis do artigo 12 deste lei, en casos ...", debe dicir: "... realizaranse en casos ..."

Emenda nº29, de Adición. Artigo 19

No segundo parágrafo deste artigo, logo de: "...con exclusión das gratificacións por servizos extraordinarios ...", débese engadir a seguinte frase: "...ou calquera tipo de produtividade do posto de orixe ..."

Emenda nº30, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 24

Propónse unha nova redacción para o punto Dous deste artigo, que terá o seguinte contido:

"Dous. Os complementos - o específico e o complemento autonómico transitorio - e as melloras retributivas experimentarán os incrementos que se establezan na lei de orzamentos xerais do Estado e na demais normativa que lle sexa aplicable a este persoal. Os ditos complementos e as melloras retributivas regulados nas disposicións ou nos acordos adoptados polos órganos da Comunidade Autónoma no exercicio das súas competencias verbo deste persoal acadarán o cen por cento das novas cantidades no ano 2022."

Emenda nº31, ao apartado Un, de Adición. Artigo 28

Débese engadir *in fine* do último parágrafo do punto Un o seguinte texto:

"O anterior respectará sempre e, en todo caso, a previsión de mantemento de postos de traballo co fin do cumprimento dos obxectivos asinados ao respecto do Acordo para a mellora do emprego público e as condicións de traballo asinado entre a Administración e as organizacións sindicais."

Emenda nº32, ao apartado Tres, de Adición. Artigo 33





Débese engadir un novo punto Tres neste artigo, que terá o seguinte contido:

"Tres. Nos cadros de persoal que forman parte da información dos orzamentos xerais anuais da Comunidade Autónoma de Galicia especificaranse o número e categorías de persoal eventual e de gabinete."

Emenda nº33, ao apartado Tres, de Adición. Artigo 34

Débese engadir un novo punto Tres, que terá o seguinte contido:

"Tres. A creación de novas prazas poderá realizarse en función da modificación da normativa básica en materia de reposición de efectivos."

